



Concello do Grove

COMUNICACIÓN PREVIA EN MATERIA URBANÍSTICA

EXPEDIENTE N.º: _____

INTERESADO/A	
Apelidos e nome/ razón social:	DNI/CIF/NIE:
Enderezo para efectos de notificación:	
E, na súa representación (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito):	
Correo electrónico:	Teléfono:
Solicito notificación electrónica:	Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>

DATOS DA PARCELA OU EDIFICACIÓN
Enderezo:
Referencia catastral:

ACTO DE EDIFICACIÓN OU USO DO SOLO QUE SE VAI REALIZAR:	
EXPOÑO: Que, desexo realizar as seguintes actuacións (especificar actos de edificación ou uso do solo/subsolo):	
Orzamento (sen IVE): _____	
- Que o prazo de execución previsto (o prazo de comezo non poderá ser superior a 3 meses e o de remate das obras non poderá ser superior a un ano: art. 363 do Regulamento LSG) é o seguinte:	
Data de comezo ⁽¹⁾ : _____	Data de remate : _____
<small>(1) A data de comezo non será inferior a 15 días desde a data de presentación no Rexistro e con toda a documentación completa.</small>	
As obras realizaranse para o desenvolvemento dunha actividade :	SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>
*En caso de resposta afirmativa, cómpre indicar cal sería a actividade que se pretende desenvolver:	

Concello do Grove



Concello do Grove

Visto o anterior, e cunha antelación mínima de quince días hábiles ao da data en que pretendo a execución das actuacións descritas no apartado anterior, COMUNICO:

- Que as actuacións que pretendo executar se axustan integramente ás recollidas na presente comunicación.
- Que as actuacións previstas cumpren todos os requisitos que resultan esixibles de acordo co previsto na lexislación vixente, e en particular, nas seguintes disposicións:

1. Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
2. Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
3. Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal, aprobadas definitivamente na sesión plenaria do 25 de abril de 1996 e publicadas no BOP de Pontevedra núm. 158 o 16 de agosto de 1996.
4. Lei 38/1999, do 25 de novembro, de ordenación da edificación.
5. RD 314/2006, do 17 de marzo, do código técnico da edificación.

- En consecuencia, as actuacións que se pretenden realizar son conformes coa normativa aplicable, respectándose as determinacións relativas á seguridade, habitabilidade, funcionalidade, accesibilidade, sanidade, protección contra a contaminación acústica e as demais que poidan resultar aplicables.

- Que conto coas autorizacións e informes sectoriais preceptivos para a execución das actuacións.

- Que os datos consignados son certos e que son consciente de que a inexactitude, falsidade ou omisión, de calquera dato que se acompañe a esta comunicación, equivalerá á súa non presentación e determinará a imposibilidade de continuar realizando as actuacións, logo da declaración de ineficacia pola Administración, sen prexuízo das responsabilidades administrativas, civís ou penais que puidesen derivarse.

- Para os efectos anteriores, axúntase a documentación referida no art. 146 da LSG:

- Fotocopia DNI ou documentación acreditativa da representación.
- Descrición técnica das características do acto do que se trate, achegando ademais:
 - Orzamento detallado.
 - Plano de situación da edificación que poida identificar o inmovible ou parcela
 - Reportaxe fotográfico da situación actual da edificación ou parcela onde se pretenda actuar.
- Copia das autorizacións, concesións administrativas ou informes sectoriais cando foran legalmente esixibles
- Xustificante do pagamento das taxas
- Autorización ou documento de avaliación ambiental, cando fose esixible.

Á vista de canto antecede,

Formulo a **comunicación previa** relativa aos extremos mencionados para os efectos oportunos.

O Grove, _____ de _____ de 20 ____ Asinado:

ALCALDE DO CONCELLO DO GROVE

Concello do Grove



Concello do Grove

INFORMACIÓN SOBRE O PROCEDEMENTO

- Segundo o art. 142.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, quedan suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa os actos de edificación e uso do solo do subsolo non suxeitos a licenza e, en todo caso, os que así se establezan nas leis.
- Documentación esixible segundo o artigo 146 da Lei do solo de Galicia, e 361 no seu Regulamento de desenvolvemento:
 - a) Datos identificativos da persoa física ou xurídica promotora e, de ser o caso, de quen a represente, así como un enderezo para os efectos de notificacións.
 - b) Descrición técnica das características do acto de que se trate ou, de ser o caso, proxecto técnico legalmente esixible (artigo 146.1.a) da LSG).
 - c) Manifestación expresa de que a comunicación previa presentada cumpre en todos os seus extremos coa ordenación urbanística de aplicación (artigo 146.1.b) da LSG).
 - d) Copia das autorizacións, concesións administrativas ou informes sectoriais cando fosen legalmente esixibles ao solicitante, ou acreditación de que se solicitou o seu outorgamento (artigo 146.1.c) da LSG). Para estes efectos, no caso de non emitirse os informes no prazo legalmente establecido, acreditarase tal circunstancia.
 - e) Autorización ou documento de avaliación ambiental, en caso de requirila o uso a que se destinen as obras (artigo 146.1.d) da LSG).
 - f) Xustificante de pagamento dos tributos municipais que resulten preceptivos.
 - g) Se é o caso, certificado emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal previstas neste regulamento.
 - h) Documento de formalización da cesión, de ser o caso.
 - i) Data de inicio e finalización das obras.

- De conformidade co artigo 146.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, con carácter xeral, transcorrido o prazo de quince días hábiles sinalado, a presentación da comunicación previa cumprindo con todos os requisitos esixidos constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo e do subsolo suxeitos a esta, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello do Grove.

- A presentación da comunicación previa **non constitúe unha autorización administrativa tácita**, senón unicamente a transmisión da información correspondente para os efectos do coñecemento municipal e de posibilitar a intervención mediante o control posterior, sen prexuízo das facultades de inspección ordinaria.

- A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompaña ou incorpora á comunicación previa leva, logo da audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde a notificación da resolución pola que se declare a ineficacia da comunicación efectuada, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

- A resolución administrativa que constata as circunstancias ás que se refire o apartado anterior levará o inicio das correspondentes actuacións e a esixencia de responsabilidades e poderá determinar o deber da persoa interesada de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao comezo da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado, que non será inferior a tres meses nin superior a un ano.

Información sobre protección de datos: de acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámolo/a de que o responsable de tratamento dos seus datos persoais é o Concello do Grove, con enderezo na praza do Corgo, 1, 36980 O Grove (Pontevedra). Tfno.: 986 730 975. Fax: 986 731 358.

1. **Finalidade do tratamento:** os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado na presente instancia. O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá supoñer a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado.

2. **Prazo de conservación:** os datos facilitados conservaranse durante o tempo necesario para poder atender a súa solicitude, así como para lle dar cumprimento legal ás xestións administrativas derivadas da prestación do servizo.

3. **Lexitimación:** este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga ao realizar a solicitude de prestación do servizo.

4. **Destinatarios de cesións:** os datos non se cederán a terceiros sen o previo consentimento do/a interesado/a, salvo naqueles casos nos que for imprescindible para a correcta prestación do servizo ou exista unha obriga legal.

5. **Dereitos:** ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a súa portabilidade. O Concello do Grove dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade. Con todo, terá dereito a presentar unha reclamación ante a autoridade de control, se considera que o tratamento de datos persoais que lle atinxe infrinxe o Regulamento.

Concello do Grove